ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES ILLA DE SARÓN - XOVE (LUGO)
CURSO: 1º SMER
MATERIA: APLICACIÓNS OFIMÁTICAS
DEPARTAMENTO:INFORMÁTICA
DATA: 14/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios de Avaliación.

2. Criterios de Avaliación	
Avaliación	Procedementos: MÍNIMOS EXIXIBLES: Tódolos criterios de avaliación de cada UD que figuran na Programación didáctica a disposición do alumnado na Aula Virtual dende o comezo de curso, son contidos mínimos. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas: - Terceira avaliación: Realizarase a media aritmética das cualificacións correspondentes á primeira e segunda avaliacións. Este resultado poderase incrementar ata 2 PUNTOS en función das tarefas presentadas ao longo do confinamento. - Nota final. Calcularase realizando a media aritmética das notas das tres avaliacións. Compre recordar que, para aqueles alumnos aprobados, a nota da 3ª avaliación que aparece no boletín de cualificacións xa é a nota final calculada segundo este criterio. Alumnado con 1ª e/ou 2ª avaliación suspensas: - Durante o periodo de confinamento e ata a semana anterior a avaliación final, propoñeranse unha serie de actividades na aula virtual ou mediante correo electrónico, destinadas a aqueles alumnos con algunha avaliación pendente. - A realización correcta destas actividades, segundo os instrumentos definidos no cadro anterior, permitirá a recuperación de ditas avaliacións. - Para aqueles alumnos que non entreguen ou realicen correctamente as actividades propostas, contémplase a posibilidade de realizar unha proba telemática individual na semana anterior á avaliación final.

	Instrumentos: ***Traballos prácticos e exercicios propostos*** Empregaremos resolución de exercicios e problemas e respostas a preguntas do profesor. Para obter a cualificación deste apartado o profesor exporá exercicios e traballos para realizar. O profesor irá rexistrando información acerca dos traballos, asignado unha nota entre 0 e 10 en función do grao de completitude dos mesmos. A nota final será unha media aritmética de todos os traballos encargados. O profesor indicará cales deses traballos son obrigatorios por entregar. ***Actitude*** Empregaremos: • Respecto aos compañeiros e ao seu dereito a aprender. • Respecto ao profesor e ao seu dereito a exercer o seu traballo con dignidade. • Grao de interese e participación. • Respecto ás normas de seguridade e hixiene. • Respecto aos materiais e ás instalacións. • Aportación de ideas e solucións. • Hábito de traballo. • Resposta as preguntas do profesor ***Probas*** As probas escritas poderán realizarse a distancia, establencendo un día e hora para entregar a proba a realizar, o alumno realizaraa no seu caderno para logo facerlle unha foto e entregalo na aula virtual no prazo que se estime. As probas escritas valóranse cunha nota desde 0 ata 10. A cualificación deste apartado obtense facendo a media de todas as notas obtidas polo alumno, ponderando cada nota segundo o tempo adicado á materia de cada exame. Realizaranse as probas escritas durante os días seguintes á finalización do tema correspondente. Estas probas poden constar de resolución de exercicios, resolución de casos prácticos, resolución de problemas, resposta a preguntas ou cuestións ou tests. Estas probas escritas constarán na maior parte das veces de dúas partes: una parte teórica e una parte práctica. Será necesario que o alumno supere unha puntuación mínima en cada unha das partes. Dita puntuación dependerá da

	unidade e lle será indicada durante a mesma. É necesario ter un mínimo dun 4 na proba para poder facer media cos traballos prácticos. Para os alumnos que suspendan o 1º ou 2º trimestre pódense desenvolver actividades de reforzo ao longo do trimestre seguinte, buscando a implicación de todo o grupo para que ningún alumno quede descolgado. Posteriormente realizarán unha proba escrita. Se non hai tempo para recuperar o 3º trimestre a nota da avaliación final será a media das tres avaliacións, tendo en conta as recuperacións, se fose o caso. Cando un alumno non supere a materia na avaliación final ordinaria, terá dereito a realizar unha proba escrita na convocatoria extraordinaria de setembro. Esta proba será a mesma para todo o alumnado e nela avaliaranse os contidos traballados por tódolos grupos do mesmo nivel educativo ao longo do curso.